

CANDO FOMOS BRUXAS

Nietzchka Keene, 1990

607

PASE ÚNICO EN NUMAX: 25.11.2019 | V.O.S.E. | +12

The Juniper Tree (1990, 78')

Dirección: Nietzchka Keene

Guión: Nietzchka Keene (Libro: Jacob Ludwig e Wilhelm Karl Grimm)

Elenco: Björk Guðmundsdóttir, Bryndis Petra Bragadóttir, Valdimar Örn Flygenring, Guðrún Gísladóttir, Geirlaug Sunna Þórmarr

Son: Patrick Moyroud

Montaxe: Nietzchka Keene

Fotografía: Randolph Sellars

Dirección de arte: Dominique Polain

Música: Larry Lipkis

Produtora: Keene, Moyroud Productions (Islandia)

Distribuidora: Capricci

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Islandés

FILMOGRAFÍA

Barefoot to Jerusalem, 2001

Heroine of Hell, 1996

Aves, 1994 [curtametraxe]

Cando fomos bruxas, 1986

SINOPSE

A finais da Idade Media, a moza Margit e a súa irmá maior Katla foxen ás montañas despois da morte da súa nai, queimada por bruxaría. Ambas encontran refuxio con Jóhann, un viúvo que vive co seu fillo pequeno Jónas. Mentres Katla trata de seducir o campesiño, Margit e Jónas fanse bos amigos. Pero o pequeno está convencido de que Katla é unha bruxa e ódiaa profundamente...

«Distintivo, ambicioso e xenuinamente poético»

LOS ANGELES TIMES

OS OLLOS VERDES

OCINEMA INÉDITO DE NUMAX



Notas da directora

O filme está baseado no conto dos irmáns Grimm. O conto *Del enebro* era unha das miñas historias favoritas cando era nena. Había nel algo arrepiaante que me atraía. Con todo, introducín diversos cambios na historia orixinal. Os protagonistas do conto eran unha nai, a súa filla e o seu fillastro. A nai reprochaba á súa filla a morte do fillastro e obrigábaa a aceptar a súa culpa. A min interésame a bruxaría, que é un tema que subxace na maioría dos contos dos irmáns Grimm cando falan das mulleres. Quería tralo ao primeiro plano. Conservei a rapaza nova en calidade de personaxe principal, pois o relato se centra na súa experiencia do mundo tras a súa fuxida. Pero transformei esta viaxe iniciática nunha busca espiritual máis profunda.

Aos actores parecíalles que esta adaptación do conto dos Grimm estaba moi relacionada coa cultura islandesa. A actriz que interpreta a nai, Guðrún Gísladóttir, pensaba que se trataba da trama cinematográfica máis islandesa que xamais se levara á pantalla. Coido que unha das razóns é este parentesco entre o mundo dos mortos e o dos vivos. Cando atopamos a granxa ao redor da cal debiamos rodar a chegada a lombos dun cabalo das irmás, preto dunha enorme pena, os labregos contáronnos que, seis anos atrás, houbera unha rodaxe de dúas semanas na que choveu a diario. Ao ver a boa sorte polo bo tempo que tivemos durante a nosa rodaxe, os labregos dicían que o espírito da pena nos amaba. Coido que o filme era quen de acoller este talante arraigado no día a día daquelas familias campesiñas e se nutría del.

Eu sabía exactamente o tipo de atmosfera que desexaba para o filme. A miña idea era inventar un país imaxinario utópico (a *never-never-land*). Por este motivo rodei en branco e negro. As paisaxes islandesas prestábanse a iso á perfección. Porén, non considero o filme como un soño ou mera fábula. O relato e a estética da fita son realistas: todos os personaxes se comportan e reaccionan ante o que ocorre como ante calquera outro suceso real. Posto que o relato adopta o seu punto de vista, toda discusión arredor de que sería irreal ou imaxinario está fóra de lugar. Non podo

facер ningunha observación concreta sobre a bruxaría. O seu estatus ontolóxico apenas importa: existe a partir do intre no que cres nela. Eu quería retratar unha realidade na que a bruxaría formase parte da cultura. É ademais un elemento do mundo dunha nena de 13 anos que atravesa un período da súa vida no que o imaxinario ocupa un lugar moi importante. Cando ve a súa nai morta, isto é para ela perfectamente real. Iso é o que importa.

O filme non ten unha mensaxe que comunicar. Na fita o importante é, na miña opinión, a súa melancolía. Unha melancolía e unha soidade femininas. Nos máis dos casos, os contos dos Irmáns Grimm expresan o medo ás mulleres. A miúdo estas representan o mal ou un perigo para os homes. Na miña adaptación, as mulleres non teñen máis remedio, tras o castigo das súas nais, que fuxir e atopar a protección dun home. Descoñezo a eficacia da bruxaría, considéroa como o medio desas mulleres para tentar sobrevivir e dominar a súa contorna e as súas vidas do mesmo modo en que a relixión, a racionalidade, a ciencia e outras crenzas permiten aos seres humanos dar un sentido á súa existencia e actuar no mundo.

Publicado en capriccicine.es

A directora

Nietzchka Keene nace en Boston en 1952, estuda literatura xermánica en Amherst e un master de produción cinematográfica na UCLA. En 1986 recibe unha bolsa do Programa Fulbright para emprender investigacións en Islandia e asina a súa primeira longametraxe, *Cando fomos bruxas*, seleccionada no festival de Sundance. Tras realizar en 1994 a curtametraxe *Aves* inicia a súa segunda longa, *Heroine of Hell* (1996), unha mestura de iconografía medieval e historia moderna. No seu último proxecto, *Barefoot of Jerusalem*, describe a viaxe dunha muller que debe loitar contra o díaño en paisaxes desoladas. Rodada en 2001, o filme non se remata até 2008, catro anos despois do pasamento da cineasta.

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en comunicacion@numax.org

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org